



Valedor do Cidadán

**ANÁLISE DAFO
DOS DISTRITOS DE VIGO**

DIRECCIÓN

Luis Espada Recarey

COORDENACIÓN

Víctor Manuel Martínez Cacharrón

José Iglesias Lema

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Diego Durán

IMPRIME

Gráficas de Vigo

DEPÓSITO LEGAL

VG 1447-2009

ISBN

978-84-92425-14-3

ÍNDICE

Introdución	7
Razóns para a realización deste estudo	7
1. Análise DAFO	9
2. División administrativa do municipio en distritos	11
2.1 División da cidade en distritos	11
2.2 Marco legal	11
2.3 División da cidade en parroquias	13
2.4 Distritos da cidade	13
Metodoloxía	17
1. Disponibilidade de servizos básicos	17
2. Mobilidade local e transporte de pasaxeiros	18
3. Transporte escolar	19
4. Satisfacción do cidadán que reside no seu distrito como un lugar para vivir e traballar	20
5. Consumo de produtos e sustentabilidade	21
6. Boas prácticas ambientais	21
7. Afectación por contaminación acústica	22
Parte I	
Análise das variábeis que definen as características dun distrito	23
1. Disponibilidade de servizos básicos	25
1.1 Comparativo de datos por distrito en 2009	25
1.2 Número de servizos básicos por encima da media municipal	29
2. Mobilidade e transporte	30
2.1 Comparativo de datos por distrito no período de 2003-2007-2009	30
3. Transporte escolar (Indicador Común Europeo de Sustentabilidade B6)	56
3.1 Comparativo de datos no período de 2003-2007-2009	56
4. Grao de satisfacción da cidadanía que reside no seu distrito como lugar para vivir e traballar (Indicador Común Europeo de Sustentabilidade A1)	62
4.1 Comparativo de datos por distrito no período de 2003-2007-2009	62
4.2 Comparativo entre os parámetros analisados	64
5. Consumo de produtos que promoven a sustentabilidade (Indicador Común Europeo de Sustentabilidade B10)	67
5.1 Resultados por distritos	67
5.2 Resultados globais	72
5.3 Táboas comparativas 2005-07	73

5.4 Tendencias.....	75
6. Boas prácticas ambientais	77
6.1 Comparación por distritos	77
7. Contaminación acústica	80
7.1 Ruído do tránsito	81
7.2 Ruído debido aos locais de pública concorrencia	85
7.3 Ruído proveniente das operacións de recolla nocturna de lixo	88

Parte II

Análise DAFO para cada un dos distritos	91
1. Fundamentación do tipo de variábel	93
2. Criterios de interpretación das variábeis	94
2.1 Disponibilidade de servizos básicos.....	94
2.2 Mobilidade e transporte de pasaxeiros	95
2.3 Transporte escolar	97
2.4 Grao de satisfacción cidadá que reside no seu distrito como lugar para vivir e traballar.....	98
2.5 Consumo de produtos que promoven a sustentabilidade	99
2.6 Boas prácticas ambientais	99
2.7 Contaminación acústica	100
3. Análise DAFO para cada un dos distritos	101

Parte III

Reflexións e conclusións	133
1. Reflexións xerais (comparativo por distritos)	135
2. Reflexións específicas	141
3. Conclusións	169
3.1 Consolidar/explotar forzas	173
3.2 Minimizar/deter fraquezas	173
3.3 Reducir/eliminar ameazas.....	173
3.4 Aproveitar oportunidades.....	173

Bibliografía.....	175
--------------------------	------------

INTRODUCCIÓN

RAZÓNS PARA A REALIZACIÓN DESTE ESTUDO

O desenvolvemento dunha análise DAFO aplicada ao estado dos diferentes barrios e parroquias, conforme á actual definición dos distritos censuais existentes en Vigo, é considerado un paso previo para que a Administración Local poda realizar unha proposta de descentralización administrativa que permita promover o equilibrio territorial e social no campo da sustentabilidade, mellorar a participación cidadá e unha maior eficiencia no funcionamento dos servizos públicos.

Esa análise permitirá identificar as áreas territoriais do municipio con características e necesidades semellantes que xustifiquen a implementación de políticas comúns.

Para levar a cabo estes obxectivos tivéronse en conta, de forma practicamente exclusiva, os estudos realizados sobre o municipio de Vigo pola Oficina do Valedor do Cidadán relacionados cos Indicadores Comúns Europeos de Sustentabilidade desde o 2003 até o presente ano. Así pois, as reflexións e conclusións obtidas serán, portanto, dependentes dos datos utilizados a partir das Monografías editadas e que se pormenorizan na Bibliografía.

Unha vez perfilada a análise DAFO nas súas dúas ópticas, tanto interna (organización) como externa (ambiente), con delimitación das forzas, fraquezas, oportunidades e ameazas relacionadas con elas, analísanse as variábeis que definen as características dun distrito.

A análise DAFO circunscríbese a sete campos de actuación dos que se dispón información: dispoñibilidade de servizos básicos⁽¹⁾, mobilidade local e transporte de pasaxeiros⁽²⁾, transporte escolar⁽²⁾, grao de satisfacción da cidadanía que reside no seu distrito⁽²⁾, consumo de produtos que promoven a sustentabilidade⁽³⁾, boas prácticas ambientais⁽⁴⁾ e contaminación acústica⁽⁵⁾.

Definidos os criterios de interpretación das variábeis internas e externas como forza/fraqueza ou como oportunidade/ameaza, respectivamente, plásmase a análise DAFO por distritos. Finalmente, unha comparativa entre os distritos permite visualizarmos a distribución de potencialidades (forzas e oportunidades) e advertencias (fraquezas e ameazas).

Coa esperanza e a arela de que esta Monografía alcance os seus obxectivos, que se centran en dar a coñecer as peculiaridades relacionadas cos hábitos de comportamento

mostrados pola cidadanía viguesa e, desta forma, propor actuacións que nos sirvan para manter o necesario equilibrio económico, social e medioambiental que preside calquera desenvolvemento sustentábel.

Luis Espada Recarey

- (1) Datos ano 2009
- (2) Datos do período 2003-2007-2009
- (3) Datos do período 2005-07
- (4) Datos ano 2007
- (5) Datos ano 2004 e 2006.

1. ANÁLISE DAFO

A análise DAFO ou SWOT, do acrónimo de Forzas (Strengths), Debilidades/Fraquezas (Weaknesses), Oportunidades (Opportunities) e Ameazas (Threats) é un recurso creado no inicio dos anos setenta que produciu unha revolución no campo da estratexia empresarial. Antes de tomar calquera decisión estratéxica, é fundamental que cada organización realice un diagnóstico. É o método máis simple e eficiente para decidir sobre o futuro. Este irá axudar a formular as accións que se deberían implementar de modo a tirar proveito das oportunidades identificadas e prepararse contra as ameazas estando conscientes das nosas fraquezas e puntos fortes.

O principal obxectivo desta análise DAFO é axudar unha institución, como pode ser a municipal, a encontrar os seus factores estratéxicos críticos relativos á delimitación dos Distritos para, unha vez identificados, os usar e apoiar neles as mudanzas necesarias: consolidar os puntos fortes, minimizando as fraquezas, aproveitando vantaxes das oportunidades e eliminando ou reducindo as ameazas.

A partir da análise DAFO poderase dar resposta a cada unha das seguintes cuestións:

- Como explotar cada forza?
- Como aproveitar todas as oportunidades?
- Como parar cada fraqueza?
- Como defenderse de cada ameaza?

Esta análise de cenario divídese en ambiente interno (Forzas e Fraquezas) e ambiente externo (Oportunidades e Ameazas).

Ambiente externo

Toda organización non pode existir fora dun ambiente, nen do entorno que a rodea, polo que a análise externa permite fixar as Oportunidades e Ameazas que o contexto pode presentar a unha organización.

O proceso de determinación desas oportunidades ou ameazas pode ser feito da seguinte forma:

- Establecendo os principais feitos ou eventos do ambiente que teñan ou podan ter sido ligados coa organización. Estes poden ser políticos, xurídicos, sociais, tecnolóxicos,...

- Determinar cales deses factores poden influenciar a organización en termos de facilitar ou restrinxir o alcance dos obxectivos. Isto é, existen feitos ou circunstancias no ambiente que, por veces, representan unha Oportunidade aproveitábel quer para se desenvolver máis quer para para resolver un problema. Tamén pode haber situacións que representan Ameazas e poden agravar os problemas.

- Oportunidades

As Oportunidades son as situacións externas, positivas, que son xeradas no entorno e que, unha vez identificadas poden ser explotadas.

- Ameazas

As Ameazas son situacións negativas fora do programa ou proxecto que poden atentar contra este, polo que pode ser necesario elaborar unha estratexia adecuada para as evitar.

Ambiente interno

Os elementos internos a seren analisados durante a análise DAFO corresponden aos puntos fortes e fracos que se teñen con respecto á dispoñibilidade de recursos. A análise interna permite fixar os puntos fortes e fracos, realizando un estudo que permite saber a cantidade e a calidade dos recursos e procesos dispoñíbeis para a institución.

Para realizar a análise interna dunha organización deben aplicarse diferentes técnicas para identificar, dentro dela, os atributos que permiten obter unha vantaxe competitiva sobre outros concorrentes.

- Puntos fortes

Puntos fortes ou Forzas son os elementos internos e positivos que diferencian o programa ou proxecto doutros da mesma clase.

- Puntos fracos:

As Fraquezas, no entanto, están referidas a todos eses elementos, recursos, habilidades e actitudes que constitúen barreiras para o bo funcionamento da organización.

As Fraquezas ou puntos fracos son problemas internos que, unha vez identificados e desenvolvendo unha estratexia adecuada, poden e deben ser removidos.

MATRIZ DAFO

Análise DAFO	FORZAS	FRAQUEZAS
Análise interna (organización)	<ul style="list-style-type: none"> - Diferentes capacidades - Vantaxes naturais - Recursos superiores 	<ul style="list-style-type: none"> - Recursos e capacidades escasas - Resistencia á mudanza - Problemas de motivación do persoal.
	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
Análise externa (ambiente)	<ul style="list-style-type: none"> - Novas tecnoloxías - Enfraquecemento dos concorrentes. - Posicionamento estratéxico 	<ul style="list-style-type: none"> - Altos riscos: mudanzas no entorno.

Da combinación de forzas coas oportunidades surxen as potencialidades, que identifican as liñas de acción máis prometedoras para a organización.

As limitacións, determinadas por unha combinación de fraquezas e ameazas indican unha seria advertencia.

Alén diso, os riscos (combinación de puntos fortes e fracos) e os desafíos (combinación de fraquezas e oportunidades), determinados pola combinación de factores, requiren unha análise cuidadosa á hora de marcar o curso que, neste caso, a institución debe ter para lograr o futuro desexábel.

Cos resultados desta análise, a organización está en condicións de definir unha estratexia.

2. DIVISIÓN ADMINISTRATIVA DO MUNICIPIO EN DISTRITOS

2.1 División da cidade en distritos

O Municipio de Vigo está actualmente dividido en nove distritos. Esta división é unha articulación da cidade usada para fins eleitorais e estatísticos.

Os criterios para esa configuración son marcados pola Lei Orgánica 5/1985 do Rexime Eleitoral Xeral (BOE 20/6/1985) no seu artigo 23.2 que determina como distribuír os electores dun municipio por Seccións Censuais. O número de electores pode variar entre 500 e 2000 por cada sección electoral. Iso fai con que estas seccións sexan variábeis no tempo de acordo coas mudanzas que ocorren na distribución da poboación en todo o territorio. A partir do agrupamento destas seccións, surxiron os Distritos Censuais, mais ao contrario dos primeiros, estes son estábeis ao longo do tempo, permitindo formar series de informacións referidas a un mesmo espazo territorial.

Da mesma forma, a Lei Básica de Rexime Local estableceu o número de tenencias de alcaldía en función do número de distritos censuais. Até agora a división en distritos foi utilizada como referencia para o establecemento de áreas de delegación política. Actualmente non é referente o número de distritos para determinar o número de tenencias de alcaldía, así que o distrito é utilizado apenas como división electoral/censual.

Os institutos de estatística (nomeadamente o IEE, o IGE e os servizos municipais de estatística) publican anualmente os resultados do movemento natural da poboación. No caso das cidades do tamaño de Vigo, a información, en vez de ser ofrecida en nivel municipal, é dada en forma de unidades territoriais menores. A información é presentada de forma agregada por Distritos Censuais para permitir unha observación máis detallada.

Así, a atribución do Distrito Censual a cada evento demográfico (nacementos, óbitos e casamentos) é feita a partir do enderezo postal da morada.

2.2 Marco legal

Unha das áreas onde se reflectiu o maior impacto na organización democrática representada pola Constitución de 1978 foi na da Administración Local e a necesidade de se adaptar á nova realidade, existindo actualmente moitas teorías para definir o alcance da autonomía recoñecida a estas entidades. A autonomía local é un dos principios orientadores para a regulamentación de cada entidade e o criterio para evitar conflitos con outras instancias reside na determinación dos seus intereses.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Rexime Local (LRBRL), como regra que desenvolve a garantía constitucional da autonomía local, define o municipio como o elemento básico da organización territorial do Estado e canal inmediato de participación da cidadanía na *res pública* (asuntos públicos), garantindo o dereito de intervir en cuestións que afectan directamente os seus intereses, en conformidade cos principios da xestión descentralizada e de máxima proximidade da xestión administrativa á cidadanía, alén de fornecer ás autoridades locais unha serie de competencias para atinxiren os seus fins. A LRBRL define como elementos do municipio o territorio, a poboación e a organización, recoñecendo, así, plena capacidade a estes para cumprir as súas finalidades. Desta maneira o municipio configúrase como a organización xurídica do casco urbano e do seu entorno xeográfico.

O Regulamento de Poboación de Demarcación Territorial das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1960/1986, de 11 de Xullo, afirma no seu artigo primeiro que é competencia municipal a división do territorio municipal en distritos e barrios así como a súa alteración. Esa responsabilidade cabe aos municipios, de acordo coa potestade de auto-organización que o art. 4.1 a) da LRBRL lle confere.

A Lei 57/2003 de 16 de Decembro, relativa a Medidas de Modernización do Goberno Local e coñecida como a “Lei de Grandes Cidades” introduce unha serie de reformas na lexislación local vigorante contidas na LRBRL. Dentre estas alteracións destaca a adición dun novo Título X na LRBRL no establecemento dun novo sistema de organización e funcionamento dos municipios de grande poboación, regulando os seus órganos necesarios (Pleno, Comisións de Pleno, Alcalde, Tenencias de Alcaldía e Xunta de Goberno Local), a división territorial en distritos, os órganos de dirección e de xestión, mecanismos de participación cidadá, o Consello Social da Cidade, ...

Especificamente, o art. 128 da Lei sobre Distritos dispón:

“1. Os Municipios deberán crear distritos, como divisións territoriais propias, dotados de órganos de xestión desconcentrada, para promover e desenvolver a participación cidadá na xestión dos asuntos municipais e a súa melloría, sen prexudicar a unidade de Goberno e de Xestión do municipio.

2. Corresponde ao Pleno da Corporación a creación dos distritos e a súa regulamentación, nos termos e co alcance previsto no art. 123, así como determinar, nunha norma de carácter orgánico, a percentaxe mínima de recursos orzamentarios da corporación a seren xeridos polos distritos, no seu conxunto.

3. A presidencia do distrito corresponderá, en calquera caso, a un concelleiro”.

Pola súa parte, a Lei 5/1997 de 22 de Xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia, prevé a posibilidade para o Municipio de descentralizar no seu favor todas aquelas atribucións que permitan unha aproximación da Administración á cidadanía e a coexistencia da participación destes nas decisións que máis directamente lles afectan. Canto á descentralización funcional, a Lei introduce unha regulamentación aberta e flexible das Entidades Locais Menores que permita a súa creación, sempre que se acrediten os recursos suficientes e a súa constitución non represente unha diminución significativa na capacidade económica do municipio.

2.3 División da cidade en parroquias

A cidade de Vigo ten un grande centro urbano no que predomina a división administrativa alicerzada nos barrios. Mais tamén posúe unha grande área rural en que a tradicional división galega en parroquias, formada por aldeas e lugares, aínda está moito viva.

As parroquias do municipio de Vigo son: Alcabre, Beade, Bembrive, Cabral, Candeán, Castrelos, Comesaña, Coruxo, Lavadores, Matamá, Navia, Oia, Saiáns, Sárdoma, Teis, Valadares e Zamáns.

Apesar de Bouzas, Coia, Freixeiro, San Paio e San Xoán do Monte non seren parroquias administrativas, pola súa tradición histórica serán consideradas para efectos da presente análise.

2.4 Distritos da cidade

A partir dos diferentes barrios e parroquias, o Municipio de Vigo está configurado polos seguintes Distritos:

Distrito 1:

AREAL, BARRIO DO CURA, BERBÉS, CENTRO, CÍES, ESTACIÓN, FERRARÍA, GARCÍA OLLOQUI E SANTIAGO DE VIGO.

Distrito 2:

A ROLA, AREOSA, CASABLANCA, FÁTIMA, FERNANDO O CATÓLICO, MARÍA BERDIALES, O CASTRO, PR DE ESPAÑA, RAVISO, RIBADAVIA E SAN ROQUE.

Distrito 3:

BARCELONA, BEIRAMAR, CAMELIAS, HISPANIDADE, INDEPENDENCIA, INDUSTRIA, PENICHE, PICACHO, POVISA, PR DE ESPAÑA, REGUEIRO, SEARA E TRAVESAS.

Distrito 4:
BALAÍDOS, BOUZAS, COIA E ESPEDRIGADA.

Distrito 5:
CASTRELOS E SÁRDOMA.

Distrito 6:
TEIS.

Distrito 7:
CABRAL, CANDEÁN E LAVADORES.

Distrito 8:
BEADE, BEMBRIVE, MATAMÁ, VALADARES E ZAMÁNS.

Distrito 9:
ALCABRE, COMESAÑA, CORUXO, NAVIA, OIA E SAIÁNS.

Distribución da poboación dos distritos de Vigo:

Distrito	Poboación	%
1	20973	7,01
2	35862	11,98
3	45234	15,11
4	53468	17,86
5	15960	5,33
6	30029	10,03
7	58671	19,60
8	20176	6,74
9	19000	6,35



Tomando como base estes nove distritos da cidade, poderían determinarse tres distintos entornos:

Zona urbana: Distritos 1, 2, 3 e 4.

Zona semiurbana: Distritos 5, 6 e 7.

Zona rural: Distritos 8 e 9.

METODOLOXIA

A Análise DAFO aplicada aos Distritos vigueses requir unha avaliación previa dunha serie de parámetros que axudan a conformar o estudo.

Especificamente, entre outros, os principais parámetros para esta análise son:

1. Disponibilidade de servizos básicos (Indicador Común Europeo de Sustentabilidade A4)
2. Mobilidade local e transporte de pasaxeiros (Indicador Común Europeo de Sustentabilidade A3)
3. Transporte Escolar (Indicador Común Europeo de Sustentabilidade B6)
4. Grao de satisfacción da cidadanía que reside no seu distrito como un lugar para vivir e traballar (Indicador Común Europeo de Sustentabilidade A1).
5. Consumo de produtos que promoven a sustentabilidade (Indicador Común Europeo de Sustentabilidade B 10).
6. Boas prácticas ambientais.
7. Contaminación acústica.

1. Disponibilidade de servizos básicos

O parámetro “disponibilidade de servizos básicos” dá unha medida da accesibilidade da cidadanía a un número de áreas e servizos.

En primeiro lugar, deben ser claramente definidos os conceptos involucrados na definición deste parámetro, para clarificar o ámbito da definición e aplicabilidade.

“Disponibilidade”: É referido ao acceso a determinados servizos.

“Zonas verdes públicas”: Son considerados todos os parques, prazas e espazos.

“Servizos básicos”: Consideráronse os seguintes:

- Os servizos públicos de saúde (ambulatorios, hospitais ou centros de saúde)
- Paradas de transporte público.
- Escolas e centros de ensino obrigatorio.
- Comercios e puntos de venda de alimentación.
- Centros cívicos e sociais
- Puntos de recolla selectiva de residuos.
- Entidades financeiras (bancos ou caixas)
- Espazos deportivos (pavillóns,...)

Un parámetro recoñecido internacionalmente como esencial da calidade de vida dos cidadáns é a accesibilidade aos servizos básicos. Na verdade, é un indicador adoptado por un número crecente de cidades europeas.

A dispoñibilidade é considerada como a accesibilidade a servizos públicos básicos, nun raio de 300 metros da vivenda do cidadán.

Naturalmente, a ausencia duns servizos básicos adecuados, así como parques, prazas e zonas de propiedade pública para uso e gozo dos veciños, reduce a calidade de vida, con impacto no número de viaxes, provocando diferenzas sociais (coa falta de servizos básicos de saúde ou educación próximos ás vivendas), e a falta de transportes públicos.

Por todas estas razóns, as autoridades locais desempeñan un papel decisivo na facilitación do acceso a estas zonas e servizos por medio do planeamento ou nos planos de ordenamento urbano.

2. Mobilidade local e transporte de pasaxeiros

No desenvolvemento deste estudo realizouse unha análise pormenorizada da mobilidade no municipio de Vigo, analisando os diferentes medios de transporte utilizados, o número de viaxes, viaxes per capita e outros parámetros que permiten unha mellor comprensión da natureza dos traslados no municipio de Vigo.

Este parámetro visa unha representación da mobilidade da cidadanía a partir de dúas ópticas principais: o número de viaxes, ou sexa, a frecuencia de viaxes e tempo que estas viaxes traen consigo. Ambos son discutidos nunha harmonía constante con outros parámetros, como a causa ou a natureza das viaxes, ou medios de transporte utilizados.

Os diferentes aspectos e unidades de medida relacionadas que contribúen para a definición xeral do modelo de mobilidade de cada cidadán inclúen:

- O número de viaxes que, en media, cada cidadán fai durante un día, en que o traslado é un desprazamento para un punto de partida e de destino.
- A razón para os traslados e a súa duración regular durante unha semana, que poden ser clasificados en "sistemáticos" e "non sistemáticos". A viaxe "sistemática" representa o desprazamento diario para o traballo/escola, encanto a "non sistemática" son todas as outras, realizadas de maneira (xeralmente) non diaria, e respondendo a razóns culturais, de lecer e tamén as compras e provisións.

- A distancia media percorrida por cada cidadán no día (km).
- O tempo empregado polos cidadáns neses traslados (minutos/desprazamento).

Os medios de transporte utilizados para os traslados e as distancias asociadas a cada traslado (% en relación aos diferentes medios de transporte utilizados). Os diferentes modos de transporte, foran incluídos nalgún destes grupos:

- A pé
- Bicicleta
- Coche / moto
- Taxi
- Transporte público.

Esta primeira clasificación dá lugar á seguinte distribución:

- Non motorizado: A pé ou de bicicleta
- Privado: coche / moto
- Público: taxi ou transporte público.

As diferentes clasificacións presentadas fundamentan os eixos nos que se estrutura a información presentada neste estudo.

3. Transporte Escolar

Usando o parámetro “TRANSPORTE ESCOLAR” pódese coñecer o modo de transporte utilizado polos alumnos no momento de ir para o centro do ensino obrigatorio, así como a xustificativa da utilización do automóbil privado, no caso de este ser o medio de locomoción escollido.

En primeiro lugar, deben ser claramente definidos os conceptos involucrados na definición deste parámetro, para esclarecer o seu alcance e aplicabilidade.

- “Modo de transporte”: os medios de transporte (coche privado, transporte escolar, bicicleta, a pé).
- “Estudantes”: Nenos/as en idade escolar obligatoria (6 a 16 anos)

O modo de transporte dos estudantes á súa escola é un indicador moito interesante para saber a calidade do transporte escolar, a confianza dos pais para a seguranza rodoviaria, a consciencia ambiental dos alumnos e da influencia destes desprazamentos no tránsito, calidade do ar, contaminación sonora e, finalmente, na calidade de vida na cidade.

4. Satisfacción do cidadán que reside no seu distrito como un lugar para vivir e traballar

Polo indicador “Satisfacción dos cidadáns coa comunidade local” obtense unha medida xeral dos cidadáns con respecto a varios aspectos do municipio.

En primeiro lugar, deben ser claramente definidos os conceptos involucrados nesta definición para clarificar o seu alcance e aplicabilidade.

- Cidadáns: reférese ás persoas que viven no territorio xeográfico no ámbito da Administración municipal en causa.
- Satisfacción: a satisfacción debe ser graduada en diferentes niveis, usando escalas 0-10 ou mediante seleccións “satisfeito”, “moito satisfeito” e así por diante.
- Comunidade local: reférese á área xeográfica administrativa asociada ao municipio.

Este indicador analiza o ben-estar xeral dos cidadáns, informa dos diferentes niveis de satisfacción (moito satisfeito, satisfeito, insatisfeito, moito insatisfeito, sen resposta), tanto na xeneralidade, “Satisfacción do cidadán co municipio como un lugar para vivir e traballar”, como en atención para as seguintes cuestións específicas:

- Accesibilidade e calidade da vivenda: a capacidade económica das familias ou individuos que viven nunha vivenda e da calidade desta.
- Saídas laborais: a capacidade para encontrar emprego.
- As zonas verdes, de lecer e esparecemento: locais de lecer, parques infantís, espazos públicos, ...
- Contorno litoral e praias: a calidade e preservación do contorno da costa, incluíndo os areas do municipio.
- Porto da cidade: explórase a opinión da cidadanía sobre o porto e as súas actividades.
- Limpeza e recolla de residuos: a recolla de lixo e limpeza das rúas.
- Calidade do espazo construído: rúas, espazos públicos, prazas, paseos e beirarrúas, accesibilidade, ...
- Servizos sociais e de saúde: hospitais, centros cívicos, residencias de idosos, ...
- Os servizos culturais, recreativos e de lecer: oferta cultural, deportiva, bibliotecas, ...
- Dotación de centros educativos e a calidade do ensino: escolas, institutos, universidade, ...
- Servizos de transporte público: autobuses e taxis, transporte de ría, ...

- Oportunidades de participación nos procesos de planeamento e na tomada de decisións a nivel local: a capacidade dos cidadáns de tomar parte na tomada de decisión a nivel local.
- A seguranza pública: o nivel de seguranza cidadá na cidade.

Alén diso, este indicador permite obter información sobre a importancia relativa de cada aspecto consultado.

5. Consumo de produtos e sustentabilidade

Actualmente, o consumo de bens e servizos a un ritmo insustentábel está a provocar graves consecuencias, afectando o ben-estar dos cidadáns e minando a estabilidade do planeta. Perante este consumo, o cidadán, através dos modelos de compra e investimento, ten unha ferramenta fundamental para mudar as normas sociais, promovendo o aforro ou un modelo de consumo responsable. Na Cimeira do Rio, en Joanesburgo (2002), considerouse imperioso alterar os padróns de consumo da sociedade para atinxir o desenvolvemento sustentábel do planeta. Daí que se deba adquirir unha responsabilidade para a compra de produtos e integrando os aspectos relacionados coa protección ambiental.

Estes parámetros din respecto a:

- Grao de preocupación co medio ambiente.
- Grao de influencia dos hábitos de consumo dos cidadáns no medio ambiente.
- Grao de importancia do medio ambiente na compra.
- Grao de coñecemento dos produtos que promoven a sustentabilidade.
- Frecuencia de compra de produtos sustentábeis.
- Influencia de varios aspectos na compra de produtos sustentábeis: prezo, dispoñibilidade, confianza e respecto ao medio ambiente.
- Grao de presenza dalgúns produtos ecolóxicos.
- Necesidade de campañas de sensibilización

6. Boas prácticas ambientais

Este parámetro é referido a cuestións relacionadas con:

- Consumo de enerxía e a súa relación co aforro responsable (aquecemento, ar condicionado, auga quente, iluminación, electrodomésticos, transportes, ...);
- Consumo de auga como un servizo público e avaliación tarifaria (custo por metro cúbico, os impostos, o comportamento de aforro, ...);
- Xeración de residuos, a fin de reducilos e aumentar a súa recolla selectiva

(separación dos residuos domésticos na orixe e a súa deposición correspondente, residuos perigosos, dos volumosos, do vidro);

- Consumo responsábel para discernir sobre a necesidade de adquirir certos produtos (vida útil e substitución de produtos, reutilización ...);
- Produtos que promoven a sustentabilidade para educar á cidadanía sobre os seus hábitos de consumo sustentábeis (etiquetaxes e logotipos destes produtos, os seus impostos e os impactos sobre os procesos medio-ambientais, ...).

7. Afectación por contaminación acústica

A contaminación sonora insírese no indicador universal de sustentabilidade B7, común, portanto, a todas as cidades que asinaron a Carta de Aalborg sobre sustentabilidade local.

Este parámetro refírese a cuestións relacionadas con:

- Análise da situación do ruído nocturno en zonas xeográficas da cidade de Vigo relacionadas con actividades de locais de lecer.
- Análise da situación de ruído en ambientes xeográficos derivada de operacións nocturnas de recolla de residuos urbanos.

O primeiro estudo visa avaliar a influencia inducida polo funcionamento de locais de lecer localizados en diferentes zonas xeográficas da cidade, na variación dos niveis de ruído ambiente durante a noite. A metodoloxía foi cuantificar os niveis de ruído de nove zonas cunha programación comprendida en tres faixas horarias (antes da abertura, 23-24h, após abrir 2-3 e 4-5) para o venres e sábados e en diferentes estacións do ano. Por outro lado, tamén foron analisados, tendo en vista unha comparación cos valores anteriores, outras catro zonas pertencentes outras áreas onde non se localizan locais de lecer nocturno nos arredores, co obxectivo de observar o seu comportamento acústico.

PARTE I

ANÁLISE DAS VARIÁBEIS QUE DEFINEN AS CARACTERÍSTICAS DUN DISTRITO


Variábeis do estudo:

1. Disponibilidade de servizos básicos (Indicador Común Europeo de Sustentabilidade A4): Posibilidade de acudir aos servizos básicos públicos dentro dun raio de acción non superior a 300 metros, camiñando.
2. Mobilidade local e transporte de pasaxeiros (Indicador Común Europeo de Sustentabilidade A3): Desprazamento da cidadanía que vive nunha determinada Administración pública.
3. Transporte Escolar (Indicador Común Europeo de Sustentabilidade B6): Métodos utilizados por alumnos de 6-16 anos para desprazarse a un centro de ensino obrigatorio.
4. Grao de satisfacción da cidadanía que reside no seu distrito como un lugar para vivir e traballar (Indicador Común Europeo de Sustentabilidade A1).
5. Consumo de produtos que promoven a sustentabilidade (Indicador Común Europeo de Sustentabilidade B10).
6. Boas prácticas ambientais.
7. Contaminación acústica (Indicador Universal de Sustentabilidade B7)

1. DISPONIBILIDADE DE SERVIZOS BÁSICOS

1.1 Comparativo de datos por distrito en 2009

1.1.1 Zonas verdes públicas (parques, prazas ou espazos públicos)




Comentarios:

Os servizos de áreas verdes e parques:

Posúen un valor nivel de servizo superior á media municipal: Distrito 5 (97,94%), Distrito 3 (94,15%), Distrito 8 (76,26%), Distrito 9 (70,83%) e Distrito 4 (68,94%).

Os seguintes distritos presentan un nivel de servizo inferior á media municipal: Distrito 2 (9,59%), Distrito 7 (26,64%), Distrito 1 (35,29%) e Distrito 6 (54,74%).

1.1.2. Servizos de saúde pública (ambulatorios, hospitais e centros de saúde)




Comentarios:

Servizos de saúde pública (ambulatorios, hospitais, centros de saúde):

Posúen un valor nivel de servizo superior á media municipal: Distrito 5 (95,88%), Distrito 9 (66,67%), Distrito 4 (55,74%) e Distrito 3 (46,28%).

Os seguintes distritos presentan un nivel de servizo inferior á media municipal: Distrito 8 (2,06%), Distrito 1 (22,55%), Distrito 2 (22,60%), Distrito 6 (27,74%) e Distrito 7 (29,93%),

1.1.3 Paradas de transporte público




Comentarios:

Os servizos de paradas de transporte público:

Posúen un valor nivel de servizo superior á media municipal: Distrito 5 (100,00%), Distrito 2 (99,32%), Distrito 9 (97,92%), Distrito 3 (97,87%), Distrito 6 (95,62%) e Distrito 1 (95,10%).

Os seguintes distritos presentan un nivel de servizo inferior á media municipal: Distrito 7 (84,67%), Distrito 8 (92,78%) e Distrito 4 (94,04%).

1.1.4 Escolas e Centros de Ensino obrigatorio



Comentarios:


Os servizos de escolas e centros de ensino obrigatorios:

Posúen un valor nivel de servizo superior á media municipal: Distrito 5 (93,81%), Distrito

9 (90,63%), Distrito 6 (72,26%) e Distrito 4 (67,23%).

Os seguintes distritos presentan un nivel de servizo inferior á media municipal: Distrito 8 (13,40%), Distrito 1 (23,53%), Distrito 2 (36,99%), Distrito 7 (54,74%) e Distrito 3 (55,32%).

1.1.5 Comercios e puntos de venda de alimentación




Comentarios:

Os servizos de puntos de venda de alimentación:

Posúen un valor nivel de servizo superior á media municipal: Distrito 3 (99,47%), Distrito 9 (98,96%), Distrito 5 (97,94%), Distrito 1 (92,16%) e Distrito 6 (85,40%).

Os seguintes distritos presentan un nivel de servizo inferior á media municipal: Distrito 8 (21,65%), Distrito 2 (54,79%), Distrito 7 (64,60%) e Distrito 4 (74,89%).

1.1.6. Centros cívico-sociais



Comentarios:


Os servizos de Centros cívico-sociais:

Posúen un valor nivel de servizo superior á media municipal: Distrito 5 (64,95%), Distrito

9 (61,46%), Distrito 6 (58,39%), Distrito 4 (51,49%) e Distrito 7 (50,00%).

Os seguintes distritos presentan un nivel de servizo inferior á media municipal: Distrito 8 (6,19%), Distrito 2 (7,53%), Distrito 1 (27,45%) e Distrito 3 (41,49%).

1.1.7 Puntos de recolla selectiva de residuos




Comentarios:

Servizos de punto de recolla selectiva:

Posúen un valor nivel de servizo superior á media municipal: Distrito 5 (100,00%), Distrito 3 (98,40%), Distrito 9 (97,92%), Distrito 2 (97,26%), Distrito 4 (96,17%) e Distrito 1 (90,20%).

Os seguintes distritos presentan un nivel de servizo inferior á media municipal: Distrito 8 (37,11%), Distrito 7 (80,66%) e Distrito 6 (86,86%)

1.1.8 Entidades financeiras (bancos ou caixas)



Comentarios:


Os servizos de Entidades financeiras (bancos ou caixas):

Posúen un valor nivel de servizo superior á media municipal: Distrito 5 (100,00%), Distrito

2 (98,63%), Distrito 3 (94,15%), Distrito 1 (94,12%) e Distrito 9 (92,71%).

Os seguintes distritos presentan un nivel de servizo inferior á media municipal: Distrito 8 (32,99%), Distrito 7 (59,49%), Distrito 4 (78,30%) e Distrito 6 (79,56%).

1.1.9 Espazos deportivos




Comentarios:

Servizos de Espazos deportivos:

Posúen un valor nivel de servizo superior á media municipal: Distrito 5 (77,32%), Distrito 9 (55,21%), Distrito 4 (54,04%) e Distrito 3 (51,60%).

Os seguintes distritos presentan un nivel de servizo inferior á media municipal: Distrito 8 (1,03%), Distrito 2 (6,85%), Distrito 1 (31,37%), Distrito 7 (31,75%), Distrito 6 (37,23%)

1.2 Número de servizos básicos por en cima da media municipal




2. MOBILIDADE E TRANSPORTE

2.1 Comparativo de datos por distrito no período de 2003-2007-2009 (Evolución por distrito e ano)

Evolución:

- Viaxes diarias ao traballo.
- Tempo medio por viaxe ao traballo.
- A distancia media para o traballo.
- Medio de transporte para o traballo.

Viaxes diarias ao traballo



	2003	2007	2009	Evolución 2003-2009	
Distrito 1	3,16	3,06	3,23	2,17%	sobe
Distrito 2	2,91	2,24	2,35	-23,83%	baixa
Distrito 3	3,46	2,44	1,6	-116,25%	baixa
Distrito 4	3,43	1,76	2,37	-44,73%	baixa
Distrito 5	3,21	2,30	2,00	-60,50%	baixa
Distrito 6	2,60	2,52	1,2	-116,67%	baixa
Distrito 7	3,08	1,80	1,79	-72,07%	baixa
Distrito 8	4,83	2,83	1,08	-347,22%	baixa
Distrito 9	3,08	2,67	2,04	-50,98%	baixa
Globais	3,25	2,21	1,96	-66,23%	baixa


Comentarios:

Viaxes diarias para o traballo:

- Descende en 88,88% dos distritos.
- Diminúe nos Distritos 8, 3 e 6.

- Aumenta (2,17%) no Distrito 1.
- Este parámetro está experimentando unha diminución global de 66,23%.

Tempo medio por viaxe ao traballo




	2003	2007	2009	Evolución 2003-2009	
Distrito 1	6,40	17,9	16,51	61,24%	sobe
Distrito 2	20,57	18,46	19,15	-7,42%	baixa
Distrito 3	14,15	19,14	20,58	31,24%	sobe
Distrito 4	19,32	15,43	22,05	12,38%	sobe
Distrito 5	16,21	23,96	17,23	5,92%	sobe
Distrito 6	26,41	20,79	19,45	-35,78%	baixa
Distrito 7	20,07	16,90	19,49	-2,98%	baixa
Distrito 8	25,00	15,42	31,81	21,41%	sobe
Distrito 9	16,74	34,33	14,02	-19,40%	baixa
Global	19,19	18,51	20,22	5,09%	sobe

Comentarios:

○ tempo medio por viaxe ao traballo:

- Aumenta no 55,55% dos distritos.
- Decrece drasticamente no Distrito 6.
- Aumenta drasticamente no distrito 1.
- Este parámetro está experimentando un aumento global de 5,09%.

Distancia media para o traballo



	2003	2007	2009	Evolución 2003-2009	
Distrito 1	7,53	6,09	5,58	-34,95%	baixa
Distrito 2	8,68	3,50	6,30	-37,78%	baixa
Distrito 3	3,02	7,38	7,73	60,93%	sobe
Distrito 4	6,36	5,06	8,54	25,53%	sobe
Distrito 5	5,00	5,84	6,27	20,26%	sobe
Distrito 6	5,55	9,06	7,17	22,59%	sobe
Distrito 7	11,90	4,43	7,76	-53,35%	baixa
Distrito 8	12,29	4,89	12,91	4,80%	sobe
Distrito 9	8,66	12,50	5,28	-64,02%	baixa
Globais	7,78	5,86	7,62	-2,11%	baixa

Comentarios:

A distancia media para o traballo:

- Incrementase no 55,55% dos distritos.
- Decrece drasticamente no distrito 9.
- Aumenta drasticamente no distrito 3, mais con valores semellantes en 2007.
- Este parámetro está experimentando unha diminución global de 2,11%.

Medio de transporte para o traballo

2003	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Non motorizado	6,00%	47,30%	47,20%	19,00%	21,20%	21,40%	32,80%	0,00%	7,70%
Privado	78,00%	34,30%	39,00%	55,60%	60,60%	64,30%	56,50%	72,20%	82,00%
Público	16,00%	18,40%	13,80%	25,40%	18,20%	14,30%	10,70%	27,80%	10,30%
2007	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Non motorizado	22,58%	36,14%	34,62%	23,74%	12,00%	30,23%	31,58%	12,50%	27,78%
Privado	62,90%	51,81%	58,65%	52,52%	74,00%	50,00%	45,61%	70,83%	55,56%
Público	14,52%	12,05%	6,73%	23,74%	14,00%	19,77%	22,81%	16,67%	16,66%
2009	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Non motorizado	36,17%	36,92%	16,95%	13,64%	23,21%	14,06%	10,30%	8,33%	17,86%
Privado	59,57%	55,38%	59,32%	68,18%	51,79%	62,50%	56,36%	72,22%	75,00%
Público	4,26%	7,69%	23,73%	18,18%	25,00%	23,44%	33,33%	19,44%	7,14%

Variación 2003-2009	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Non motorizado	502,84%	-21,94%	-64,09%	-28,23%	9,50%	-34,29%	-68,59%	0,00%	131,91%
Privado	-23,62%	61,47%	52,11%	22,63%	-14,55%	-2,80%	-0,24%	0,03%	-8,54%
Público	-73,40%	-58,19%	71,95%	-28,42%	37,36%	63,90%	211,53%	-30,06%	-30,65%

Tendencia	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Non motorizado	sobe	baixa	baixa	baixa	sobe	baixa	baixa	sobe	sobe
Privado	baixa	sobe	sobe	sobe	baixa	baixa	baixa	sobe	baixa
Público	baixa	baixa	sobe	baixa	sobe	sobe	sobe	baixa	baixa

Comentarios:

○ medio de transporte non motorizado para o traballo:

- Decrece en 55,55% dos distritos.
- Aumenta drasticamente nos Distritos 9 e 1.
- Diminúe drasticamente nos Distritos 3 e 7.

○ medios de transporte privado para o traballo:

- Decrece en 55,55% dos distritos.
- Aumenta considerabelmente nos Distritos 2 e 3.
- Descende moderadamente no Distrito 1.


○ medio de transporte público para o traballo:

- Manifesta unha tendencia decrecente en 55,55% dos distritos.
- Aumenta considerabelmente no Distritos 3 7.
- Presenta unha tendencia moderadamente decrecente nos distritos 1 e 2.

Evolución de:

- Viaxes diarias ao centro de ensino.
- Tempo medio por viaxe para o centro de ensino.
- A distancia media para o centro de ensino.
- Medio de transporte para o centro de ensino.

Viaxes diarias ao centro de ensino




	2003	2007	2009	Evolución 2003-2009	
Distrito 1	4,80	2,18	2,50	-92,00%	baixa
Distrito 2	2,33	2,29	2,12	-9,91%	baixa
Distrito 3	3,25	2,37	1,38	-135,51%	baixa
Distrito 4	3,22	1,74	2,00	-61,00%	baixa
Distrito 5	2,80	1,73	2,00	-40,00%	baixa
Distrito 6	2,13	2,38	1,69	-26,04%	baixa
Distrito 7	2,16	1,74	1,77	-22,03%	baixa
Distrito 8	4,36	2,00	1,00	-336,00%	baixa
Distrito 9	2,89	2,5	2,00	-44,50%	baixa
Globais	3,03	2,05	1,81	-67,20%	baixa

Comentarios:

As viaxes diarias ao centro de ensino:

- Decrece en todos os distritos.
- Diminúe drasticamente nos Distritos 3 e 8.
- Este parámetro está experimentando unha diminución global de 67,20%.

Tempo medio por viaxe para o centro de ensino




	2003	2007	2009	Evolución 2003-2009	
Distrito 1	18,47	22,73	24,31	24,02%	sobe
Distrito 2	20,83	20,54	30,35	31,37%	sobe
Distrito 3	21,38	25,44	20,47	-4,45%	baixa
Distrito 4	21,03	16,52	19,32	-8,85%	baixa
Distrito 5	20,55	26,36	22,14	7,18%	sobe
Distrito 6	38,75	24,23	32,68	-18,57%	baixa
Distrito 7	22,48	20,06	17,84	-26,01%	baixa
Distrito 8	21,82	16,67	34,44	36,64%	sobe
Distrito 9	21,44	19,00	21,07	-1,76%	baixa
Globais	22,89	21,38	23,50	2,58%	sobe

Comentarios:

O tempo medio por viaxe para o centro de ensino:

- Decrece en 55,55% dos distritos.
- Descende moderadamente no Distrito 7.
- O parámetro está experimentando un aumento global de 2,58%

Distancia media para o centro de ensino



	2003	2007	2009	Evolución 2003-2009	
Distrito 1	12,03	5,21	9,04	-33,08%	baixa
Distrito 2	6,04	9,19	11,21	46,12%	sobe
Distrito 3	8,04	9,59	8,09	0,62%	sobe
Distrito 4	7,06	5,18	8,05	12,30%	sobe
Distrito 5	8,50	10,20	9,23	7,91%	sobe
Distrito 6	11,41	6,07	10,99	-3,82%	baixa
Distrito 7	7,64	6,09	6,59	-15,93%	baixa
Distrito 8	6,50	3,89	14,35	54,70%	sobe
Distrito 9	6,31	4,54	8,78	28,13%	sobe
Globais	7,98	7,15	9,05	11,77%	sobe

Comentarios:

A distancia media para o centro de ensino:

- Aumenta en 66,66% dos distritos.
- Descende moderadamente nos Distritos 1 e 7.
- Sube drasticamente nos Distritos 8 e 2.
- Este parámetro está experimentando un aumento global de 11,77%.

Medio de transporte para o centro de ensino

2003	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Non motorizado	33,33%	50,00%	43,80%	30,60%	10,00%	6,20%	16,00%	18,20%	33,30%
Privado	33,33%	22,20%	43,70%	22,20%	40,00%	25,00%	40,00%	18,20%	22,20%
Público	33,33%	27,80%	12,50%	47,20%	50,00%	68,80%	44,00%	63,60%	44,50%
2007	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Non motorizado	18,18%	37,50%	40,74%	26,09%	27,27%	38,46%	25,71%	50,00%	0,00%
Privado	54,55%	37,50%	29,63%	17,39%	27,27%	7,69%	17,14%	0,00%	25,00%
Público	27,27%	25,00%	29,63%	56,52%	45,46%	53,85%	57,15%	50,00%	75,00%
2009	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Non motorizado	18,75%	17,65%	15,63%	0,00%	0,00%	42,86%	19,35%	0,00%	0,00%
Privado	31,25%	41,18%	15,63%	34,09%	14,29%	7,14%	58,06%	0,00%	7,14%
Público	50,00%	41,18%	68,75%	65,91%	85,71%	50,00%	22,58%	100,00%	92,86%

Variación 2003-2009	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Non motorizado	-43,74%	-64,71%	-64,33%	-100,00%	-100,00%	591,24%	20,97%	-100,00%	-100,00%
Privado	-6,24%	85,48%	-64,24%	53,56%	-64,29%	-71,43%	45,16%	-100,00%	-67,82%
Público	50,02%	48,12%	450,00%	39,64%	71,43%	-27,33%	-48,68%	57,23%	108,67%

Tendencia	D1	D2	D3	D4	D5	D6	D7	D8	D9
Non motorizado	baixa	baixa	baixa	baixa	baixa	sobe	sobe	baixa	baixa
Privado	baixa	sobe	baixa	sobe	baixa	baixa	sobe	baixa	baixa
Público	sobe	sobe	sobe	sobe	sobe	baixa	baixa	sobe	sobe

Comentarios:

○ medio de transporte non motorizado para o centro de ensino:

- Decrece en 77,77% dos distritos.
- Incrementase drasticamente no Distrito 6.
- Presenta un descenso drástico nos Distritos 4, 5, 8 e 9.

○ medio de transporte privado para o centro de ensino:

- Decrece en 66,66% dos distritos.
- Aumenta considerabelmente nos Distritos 2 e 4.
- Descende significativamente nos Distritos 6 e 8.


○ medio de transporte público para a o centro de ensino:

- Incrementase no 77,77% dos distritos.
- Aumenta drasticamente nos distritos 3 e 9.
- Descende moderadamente nos Distritos 6 e 7.

Evolución:

- Viaxes diarias ás compras diarias.
- Tempo medio por viaxe ás compras diarias.
- Distancia media para as compras diarias.
- Medio de transporte para as compras diarias.

Viaxes diarias ás compras diarias




	2003	2007	2009	Evolución 2003-2009	
Distrito 1	3,41	2,41	2,09	-63,16%	baixa
Distrito 2	2,17	1,47	1,41	-53,90%	baixa
Distrito 3	2,25	1,39	1,45	-55,17%	baixa
Distrito 4	2,55	1,40	1,95	-30,77%	baixa
Distrito 5	3,00	1,43	2,00	-50,00%	baixa
Distrito 6	2,07	1,88	1,22	-69,67%	baixa
Distrito 7	1,99	1,31	1,11	-79,28%	baixa
Distrito 8	3,13	1,62	1,02	-206,86%	baixa
Distrito 9	2,00	1,38	1,99	-0,50%	baixa
Globais	2,39	1,54	1,52	-56,85%	baixa

Comentarios:

Viaxes diarias ás compras diarias:

- Decrece en todos os distritos.
- Diminúe drasticamente no Distrito 8.
- Este parámetro está experimentando unha diminución global de 56,85%.

Tempo medio por viaxe ás compras diarias




	2003	2007	2009	Evolución 2003-2009	
Distrito 1	7,50	9,45	12,40	39,52%	sobe
Distrito 2	6,39	9,35	9,55	33,09%	sobe
Distrito 3	11,06	9,73	8,78	-25,97%	baixa
Distrito 4	12,49	9,61	8,48	-47,29%	baixa
Distrito 5	7,33	10,20	6,03	-21,56%	baixa
Distrito 6	15,58	9,33	11,73	-32,82%	baixa
Distrito 7	10,79	9,10	10,82	0,28%	sobe
Distrito 8	27,38	14,17	15,41	-77,68%	baixa
Distrito 9	13,39	12,74	6,21	-115,62%	baixa
Globais	12,39	9,70	9,90	-25,10%	baixa

Comentarios:

O tempo medio por viaxe ás compras diarias:

- Decrece no 66,66% dos distritos.
- Descende drasticamente no Distrito 9.
- Incrementase nos Distritos 1 e 2.
- Este parámetro está experimentando unha diminución global de 25,1%.

Distancia media para as compras diarias



	2003	2007	2009	Evolución 2003-2009	
Distrito 1	0,64	0,76	3,28	80,49%	sobe
Presenta a taxa máis elevada no grao de preocupación co ambiente: 92,6% dos cidadáns do distrito se manifestan moito e bastante preocupados.

É o segundo distrito polo grao de influencia dos hábitos de consumo dos cidadáns no ambiente.

As oportunidades máis significativas son :

A distancia media para o traballo, centro de ensino e lecer de fin de semana diminuíu no período de 2003-2009.

○ uso de transporte non motorizado para o traballo, lecer semanal e de fin de semana aumenta no período de 2003-2009.

○ uso do transporte privado para o traballo, centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana diminuíu no período de 2003-2009.

A utilización de transportes públicos para as compras diarias, centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana aumentou no período de 2003-2009.

A viaxe a pé para a escola aumentou durante o período 2003-2009.

A recuperación do centro histórico através dos esforzos coordinados do sector público

(as tres administracións) e do sector privado é unha grande oportunidade para a revitalización económica e social, recuperación e adecuación arquitectónica do barrio xa visíbel nalgunhas zonas.

Advertencias:

Presenta o maior valor de número de advertencias (combinación de ameazas e fraquezas), debido á elevada presenza de fraquezas (é o distrito que ten máis puntos fracos) e ameazas.

As deficiencias máis notábeis son :

FRAQUEZAS

Diminución da satisfacción cos seguintes parámetros no período de 2003-2009: é o distrito que ten a peor evolución durante o período debido a unha diminución de 78,57% dos parámetros para o grao de satisfacción.

A satisfacción diminuíu 9,6% de "Vigo como un lugar para vivir e traballar" durante o período de 2003-2009.

No ámbito do consumo de produtos que promoven a sustentabilidade presenta valores moito baixos dos parámetros: grao de importancia do ambiente para facer a compra (que ten o valor máis baixo de todos os distritos), o parámetro que mede o grao de coñecemento dos produtos que promoven a sustentabilidade e o grao de presenza de produtos ecolóxicos.

Entre as boas prácticas ambientais, presenta valores baixos no dominio do consumo de enerxía cunha taxa de frecuencia de actuacións responsábeis, na de xeración de residuos ten unha baixa taxa de frecuencia de actuacións responsábeis, noutros tipos de consumo ten a menor taxa de frecuencia de prácticas responsábeis. Para alén disto, no grao de consciencia ambiental é o menor de todos os distritos, apenas 14,2% dos cidadáns do distrito son moito e bastante concienciados.

No que di respecto á contaminación sonora trátase do distrito que ten máis zonas saturadas debido ao ruído do tránsito. É o distrito que presenta máis zonas contaminadas acusticamente debido ao Botellón. É o distrito que ten máis zonas que alcanzan situacións extremadamente saturadas provocadas polo ruído debido aos locais de pública concorrencia. Presenta zonas acusticamente contamiandas provocadas polo ruído das operacións de recolla de lixo durante a noite.

As ameazas máis significativas son :

AMEAZAS

As viaxes diarias para o centro de ensino, compras diarias e lecer semanal diminúen no período de 2003-2009.

O tempo medio por viaxe para o centro de ensino, as compras diarias, lecer semanal e de fin de semana aumenta no período de 2003-2009.

As viaxes en automóbil particular para a escola aumentan durante o período 2003-2009.

As viaxes en transporte público para a escola diminúen durante o período 2003-2009.

A principal razón para usar o automóbil particular para a escola que aumenta no período de 2003-2009 é a falta doutros medios.

Éxodo de poboación xoven debido ao custo da vivenda.


Riscos:

Presenta un dos menores valores polo número de riscos debido á escasez dos puntos fortes presentados.

Desafíos:

Presenta o maior valor polo número de desafíos debido á elevada presenza de fraquezas e oportunidades de mellora.

DISTRITO 2



Comentarios:

Potencialidades:

Presenta un dos menores valores polo número de potencialidades (este é o terceiro valor máis baixo), debido á baixa presenza de forzas.

As forzas máis notábeis son :

FORZAS

Aumento do nivel de satisfacción de 2% de "Vigo como un lugar para vivir e traballar" durante o período de 2003-2009.

Aumento da satisfacción dos seguintes parámetros para o período 2003-2009: Porto da cidade, calidade do espazo construído, servizos sociais e de saúde, mobilidade e tránsito, servizos culturais, recreativos e de lecer, dotacións educativas e calidade do ensino, entorno litoral e praias, servizo de limpeza e recolla do lixo, oportunidades de participación local, a seguranza pública, servizos sociais e de saúde, zonas verdes e de esparecemento e transportes públicos.

É o distrito que ofrece a mellor evolución durante o período debido a un aumento de 85,71% dos parámetros estudados.

Ten un alto grao de influencia dos hábitos de consumo dos cidadáns en materia de ambiente (86,1%).

No dominio do consumo de enerxía ten unha taxa de frecuencia de actuacións responsables de 56,65% e acima da media (56,06%).

As oportunidades máis significativas son:

OPORTUNIDADES

○ uso do transporte público para compras diarias, centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana aumentan no período de 2003-2009.

○ uso do modo de transporte non motorizado en viaxes sistemáticas e non sistemáticas aumentou no período de 2003-2009.

A viaxe en transporte escolar como un modo de transporte para a escola aumenta durante o período de 2003-2009.

Advertencias:

Presenta o maior valor polo número de advertencias (após o Distrito 1), debido á elevada presenza de fraquezas e ameazas.

As deficiencias máis notábeis son :

FRAQUEZAS

Canto ao consumo de produtos que promoven a sustentabilidade: Presenta baixos valores do grao de importancia do ambiente para facer a compra, sobre o nivel de coñecemento do produtos que promoven a sustentabilidade e o grao de presenza dalgúns produtos ecolóxicos.

No que respecta ás boas prácticas ambientais na xeración de residuos ten unha frecuencia moito baixa de actuacións responsábeis, noutros tipos de consumo ten a menor frecuencia de prácticas responsábeis e no grao de sensibilización para o ambiente.

No que di respecto á contaminación acústica: É o que presenta máis zonas catalogadas como saturadas, moi saturadas e extremadamente saturadas debido ao ruído do tránsito, afectado polo botellón, ten unha zona (R. Venezuela, R. Simón Bolívar) con situacións provocadas por ruído debido a locais de pública concorrencia e presenta zonas acusticamente contaminadas provocadas polo ruído procedente das operacións de recolla de lixo durante a noite.

As ameazas máis significativas son :

AMEAZAS

As viaxes diarias ás compras diarias, ao centro de ensino, ao traballo e ao lecer semanal diminúen no período de 2003-2009.

○ tempo medio para facer as compras diarias, ir ao centro de ensino e para o lecer do fin de semana aumenta no período de 2003-2009.

A distancia media das viaxes ás compras diarias, centros de ensino e lecer semanal aumentou no período de 2003-2009.

O uso do transporte privado para o traballo, as compras diarias, o centro de ensino e o lecer no fin de semana aumenta no período de 2003-2009.

O uso de medio de transporte non motorizado para o centro de ensino, traballo, compras diarias, lecer semanal e de fin de semana diminúen no período de 2003-2009.

A utilización dos transportes públicos en viaxes sistemáticas e non sistemáticas diminúe durante o período de 2003-2009.

O modo de transporte a pé para a escola diminúe durante o período de 2003-2009.

A viaxe en automóbil particular como modo de transporte para a escola aumenta durante o período de 2003-2009.

A principal razón para usar o transporte privado para a escola que aumenta no período de 2003-2009 é a falta de tempo/magnitude da viaxe.


Riscos:

Posúe un dos valores máis elevados (en cuarto lugar entre todos os distritos) no número de riscos dado o número de ameazas rexistradas.

Desafíos:

Presenta o maior valor polo número de desafíos (en segundo lugar após o Distrito 1), debido á cantidade de fraquezas presentadas.

DISTRITO 3



Comentarios:

Potencialidades:

Posúe un dos máis altos valores polo número de potencialidades (o terceiro entre todos os distritos) debido á semellante presenza de puntos fortes e oportunidades.

As forzas máis notábeis son :

FORZAS

Posúe un nivel de servizos básicos superior á media municipal en sete dos parámetros analizados: zonas verdes públicas (parques, prazas ou espazos públicos), servizos públicos de saúde (ambulatorios, hospitais, centros de saúde), paradas de transportes públicos, comercios e puntos de venda de alimentación, puntos de recolla selectiva de lixo, entidades financeiras (bancos ou caixas) e espazos deportivos.

É o distrito que presenta un maior aumento da satisfacción (25,5%) de "Vigo como un lugar para vivir e traballar" durante o período de 2003-2009.

Aumento da satisfacción dos seguintes parámetros para o período 2003-2009: porto da cidade, a calidade do espazo construído, servizos sociais e de saúde, servizos culturais, recreativos e de lecer, entorno litoral e praias, servizo de limpeza e recolla de lixo.

Non presenta zonas acusticamente afectadas polo ruído debido á concentración de locais de pública concorrencia.

As oportunidades máis significativas son :

OPORTUNIDADES

O uso de medio de transporte non motorizado para ir ao traballo e centro de ensino aumenta no período de 2003-2009.

O uso do transporte privado para as compras diarias, centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana diminúe no período de 2003-2009.

A utilización dos transportes públicos para o traballo, centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana aumenta no período de 2003-2009.

O tempo medio por viaxe ás compras diarias, centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana diminúe no período de 2003-2009.

Advertencias:

Presenta un dos maiores valores polo número de advertencias (após os Distritos 1 e 2) debido á elevada presenza de fraquezas e ameazas.

As deficiencias máis notábeis son :

FRAQUEZAS

Posúe un nivel de servizo inferior á media municipal en escolas e centros de ensino obrigatorio.

Diminución da satisfacción cos seguintes parámetros no período de 2003-2009: Acceso e calidade da vivenda, dotación de centros educativos e calidade do ensino, mobilidade e tránsito e oportunidades de emprego.

No ámbito do consumo de produtos que promoven a sustentabilidade presenta valores baixos no grao de importancia do ambiente para efectuar a compra de produtos, o grao de coñecemento de produtos que promoven a sustentabilidade e grao de coñecemento dalgúns produtos ecolóxicos.

No que respecta ás boas prácticas ambientais na produción de residuos posúe unha baixa frecuencia de actuacións responsábeis. Noutro tipo de consumos ten a menor frecuencia de prácticas responsábeis. O grao de consciencia ambiental é un dos máis baixos de todos os distritos.

No que di a respecto da contaminación sonora, 86,7% das zonas de estudo debido ao ruído do tránsito están catalogadas como saturadas, moito saturadas e extremadamente saturadas e tamén presenta zonas acusticamente contaminadas causadas polo ruído das operacións nocturnas de recolla de lixo.

As ameazas máis significativas son :

AMEAZAS

Diminúen as viaxes diarias ás compras diarias, traballo, centro de ensino e lecer de fin de semana durante o período 2003-2009.

A distancia media para o traballo, compras diarias, centro de ensino e lecer semanais aumentaron no período de 2003-2009.

O modo de transporte a pé para a escola diminuíu durante o período de 2003-2009. A viaxe en automóbil particular como medio de transporte para a escola aumenta durante o período de 2003-2009.

As principais razóns para o uso do transporte privado para a escola que aumentan no período de 2003-2009 son a seguranza e a falta de tempo.


Riscos:

Presenta o maior valor polo número de riscos dado o número de ameazas detectadas.

Desafíos:

Presenta un elevado valor polo número de desafíos (o terceiro, após os Distritos 1 e 2) debido á cantidade de fraquezas presentadas.

DISTRITO 4



Comentarios:

Potencialidades:

Rexistra un dos menores valores polo número de potencialidades debido á baixa presenza de forzas.

As forzas máis notábeis son :

FORZAS

Mostra un aumento de satisfacción (6,6%) de "Vigo como un lugar para vivir e traballar" durante o período de 2003-2009.

Aumento da satisfacción dos seguintes parámetros para o período 2003-2009: accesibilidade e calidade da vivenda, porto da cidade, calidade do espazo construído, entorno litoral e praias, servizo de limpeza e recolla do lixo, zonas verdes, lecer e esparecemento e dotación de centros educativos.

Non presenta zonas acusticamente afectadas polo ruído debido á concentración de locais de pública concorrencia.

As oportunidades máis significativas son :

OPORTUNIDADES

O tempo medio por viaxe ás compras diarias, centro educativo e lecer semanal diminuiu no período de 2003-2009.

A utilización de transportes públicos para o centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana aumentou no período de 2003-2009.

O modo de transporte a pé para a escola aumentou durante o período de 2003-2009.

Advertencias:

Presenta un dos maiores valores polo número de advertencias (após os Distritos 1 e 2) debido á elevada presenza de fraquezas e ameazas.

As deficiencias máis notábeis son :

FRAQUEZAS

Diminuíu o nivel de satisfacción cidadá nos seguintes parámetros no período de 2003-2009: servizos públicos de transporte, oportunidades de participación local, seguranza pública, servizos sociais e de saúde, servizos culturais, recreativos e de lecer, mobilidade e tránsito e oportunidades de emprego .

Canto ao consumo de produtos que promovan a sustentabilidade: posúe o valor máis baixo do grao de importancia do medio ambiente para facer a compra, ten un baixo grao de coñecemento dos produtos que promoven a sustentabilidade, a máis baixa taxa da presenza dalgún produto ecolóxico e o menor valor no grao de preocupación co medio ambiente. No que respecta ás boas prácticas ambientais, na xeración de residuos ten unha baixa taxa da frecuencia de actuacións resopnsábeis, noutros tipos de consumo ten a menor frecuencia de prácticas responsábeis e ten un baixo grao de conscientización ambiental . Contaminación sonora, o 86,7% das áreas de estudo debido ao ruído do tránsito están catalogadas como saturadas, moi saturadas e extremamente saturadas debidas ao ruído de tránsito.

As ameazas máis significativas son :

AMEAZAS

Diminuíron as viaxes diarias ao traballo, centro de ensino, compras diarias e lecer de fin de semana no período de 2003-2009.

A distancia media para o traballo, centro de ensino e lecer semanal aumentou no período de 2003-2009.

○ uso de medio de transporte non motorizado para ir ao traballo, centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana diminuiu no período de 2003-2009.

○ uso do transporte privado para o traballo, centro de ensino e o lecer semanal aumentou no período de 2003-2009.

○ uso de transporte non motorizado nas viaxes sistemáticas e non sistemáticas diminuiu no período de 2003-2009.

A viaxe en transporte escolar como un modo de transporte para a escola diminuiu durante o período de 2003-2009.

A viaxe en automóbil particular como medio de transporte para a escola aumenta durante o período de 2003-2009.

As razóns para usar o automóbil particular para a escola que aumenta no período de 2003-2009 son a seguranza, a falta de tempo e a carencia doutros medios.


Riscos:

Presenta o segundo maior valor (após o Distrito 3) polo número de riscos, dado o número de ameazas detectadas.

Desafíos:

Presenta o maior valor polo número de desafíos (o terceiro, após os Distritos 1 e 8) debido á cantidade de fraquezas presentadas.

DISTRITO 5



Comentarios:

Potencialidades:

Presenta un dos máis altos valores polo número de potencialidades (é o terceiro valor para todos os distritos) debido á semellante presenza de puntos fortes e oportunidades.

As forzas máis notábeis son :

FORZAS

Trátase do distrito que presenta un nivel de servizos básicos superior á media municipal en todos os parámetros analizados: zonas verdes públicas (parques, prazas ou espazos públicos), servizos públicos de saúde (ambulatorios, hospitais, centros de saúde), paradas de transportes públicos, escolas e centros de ensino obrigatorio, comercios e puntos de venda de alimentación, centros cívico-sociais, puntos de recolla selectiva de residuos, entidades financeiras (bancos ou caixas) e espazos deportivos.

Mostra un aumento de satisfacción de (1,5%) de "Vigo como un lugar para vivir e traballar" durante o período de 2003-2009.

Aumenta o grao de satisfacción dos seguintes parámetros para o período 2003-2009: accesibilidade e calidade da vivenda, porto da cidade, calidade do espazo construído, servizos culturais, recreativos e de lecer, dotación de centros educativos e calidade do ensino, entorno litoral e praias, servizo de limpeza e recolla do lixo, oportunidades de participación local, servizos sociais e de saúde, zonas verdes, recreativas e de esparecemento e transportes públicos. Posúe unha boa evolución durante o período debido a un aumento da satisfacción en 78,57% dos parámetros estudados.

OPORTUNIDADES

O tempo medio por viaxe para as compras diarias, lecer semanal e de fin de semana diminuíu no período de 2003-2009.

O uso do transporte privado para ir ao traballo, centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana recuou no período de 2003-2009.

A utilización dos transportes públicos para ir traballar, compras diarias, centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana aumentou no período de 2003-2009.

Aumenta a utilización dos transportes públicos nas viaxes sistemáticas e non sistemáticas no período de 2003-2009.

O uso do transporte privado para viaxes sistemáticas e non sistemáticas diminuíu no período de 2003-2009.

O modo de transporte a pé para a escola aumentou durante o período 2003-2009.

Advertencias:

Presenta o menor valor polo número de advertencias (despois do distrito 9) debido á baixa presenza de fraquezas e ameazas.

As deficiencias máis notábeis son :

FRAQUEZAS

Canto ao consumo de produtos que promoven a sustentabilidade: posúe o valor máis baixo no grao de importancia do ambiente para facer a compra, polo baixo grao de coñecemento dos produtos que promoven a sustentabilidade e o máis baixo o grao de presenza dalgúns produtos ecolóxicos.

No que respecta ás boas prácticas ambientais na xeración de residuos ten unha taxa baixa frecuencia de actuacións responsábeis, noutros tipos de consumo ten a menor frecuencia de prácticas responsábeis e ten un baixo grao de conscientización ambiental.

As ameazas máis significativas son :

AMEAZAS

As viaxes ás compras diarias, ao traballo, centro de ensino e lecer de fin de semana diminúen no período de 2003-2009.

A distancia media para o traballo, centro de ensino e lecer semanal aumentou no período de 2003-2009.

O uso do medio de transporte non motorizado para ir ás compras diarias, centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana diminuíu no período de 2003-2009.

A viaxe en transporte escolar como un modo de transporte para a escola diminuíu durante o período de 2003-2009.

A viaxe en automóbil particular como medio de transporte para a escola aumentou durante o período de 2003-2009.

As razóns para usar o automóbil particular para a escola que aumenta no período de 2003-2009 son a seguranza e non ter outros medios.


Riscos:

Presenta un dos menores valores polo número de riscos, dado o baixo número de ameazas e puntos fortes presentados.

Desafíos:

Posúe un dos menores valores debido ao baixo número de fraquezas e oportunidades presentadas.

DISTRITO 6



Comentarios:

Potencialidades:

Manifesta un dos máis altos valores polo número de potencialidades (este é o segundo valor dentre todos os distritos) debido á semellante presenza dos puntos fortes e oportunidades.

As forzas máis notábeis son :

FORZAS

Mostra un aumento de satisfacción de 22,8% de "Vigo como un lugar para vivir e traballar" durante o período de 2003-2009.

Aumento da satisfacción dos seguintes parámetros para o período 2003-2009: accesibilidade e calidade da vivenda, porto da cidade, calidade do espazo construído, servizos sociais e de saúde, servizos culturais, recreativos e de lecer, dotación de centros educativos e calidade do ensino, entorno litoral e praias, servizo de limpeza e recolla de lixo, oportunidades para a participación local, servizos públicos de transporte, mobilidade e tránsito e seguranza pública. O distrito 6 presenta unha boa evolución durante o período debido a un aumento de satisfacción en 78% dos parámetros estudados.

No referente ás boas prácticas ambientais no consumo de auga ten unha alta frecuencia de actuacións responsábeis, no consumo de enerxía ten unha taxa elevada de frecuencia de accións responsábeis e presenta un valor moderado sobre o grao de consciencia ambiental.

As oportunidades máis significativas son :

OPORTUNIDADES

A distancia media para ir ás compras diarias, centro de ensino e lecer de fin de semana recúa no período de 2003-2009.

○ tempo medio por viaxe para as compras diarias, centro de ensino e traballo diminuíu no período de 2003-2009.

○ uso de medio non motorizado para as compras diarias, lecer semanal e centro educativo aumentou no período de 2003-2009.

○ uso do transporte privado para ir ao traballo, centro de ensino, lecer semanal e compras diarias diminuíu no período de 2003-2009.

○ uso do transporte privado nas viaxes sistemáticas e non sistemáticas diminuíu no período de 2003-2009.

○ uso de medio non motorizado en viaxes sistemáticas e non sistemáticas aumentou no período de 2003-2009.

○ modo de transporte a pé para a escola aumentou durante o período 2003-2009.

A viaxe en automóbil particular como medio de transporte para a escola diminuíu durante o período de 2003-2009.

Advertencias:

Posúe un dos menores valores polo número de advertencias debido á baixa presenza de fraquezas e ameazas.

As deficiencias máis notábeis son :

FRAQUEZAS

No que respecta a boas prácticas ambientais na xeración de residuos posúe un nivel moito baixo de frecuencia de actuacións responsábeis e noutro tipo consumos presenta o menor índice de frecuencia de prácticas responsábeis.

No que di respecto á contaminación acústica, 66,67% das zonas de estudo de ruído debido ao tránsito son catalogadas como áreas saturadas.

As ameazas máis significativas son :

AMEAZAS

Experimenta unha diminución das viaxes ás compras diarias, ao traballo, ao centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana no período de 2003-2009.

○ uso do transporte público para as compras diarias, centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana aumenta no período de 2003-2009.

A viaxe en transporte escolar como un modo de transporte para a escola diminuíu durante o período de 2003-2009.


As razóns para usar o automóbil particular para a escola que aumentan no período de 2003-2009 son a falta de tempo e condicións meteorolóxicas.

Riscos:

Posúe un dos menores valores polo número de riscos dado o baixo número de ameazas e puntos fortes presentados.

Desafíos:

Presenta un dos menores valores polo baixo número de fraquezas e oportunidades presentadas.

DISTRITO 7

Comentarios:

Potencialidades:

Presenta o valor máis baixo polo número de potencialidades (este é o segundo valor para todos os distritos), debido á baixa presenza de forzas.

As forzas máis notábeis son :

FORZAS

Aumento da satisfacción dos seguintes parámetros para o período 2003-2009: porto da cidade, calidade do espazo construído, dotación de centros educativos e calidade do ensino, entorno litoral e praias, servizo de limpeza e recolla de lixo, mobilidade e tránsito e seguranza pública. Prodúcese un aumento en 64,29% dos parámetros estudados.

As oportunidades máis significativas son :

OPORTUNIDADES

O tempo medio por viaxe para o traballo, centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana recuou no período de 2003-2009.

Advertencias:

Presenta un dos máis altos valores polo número de advertencias (só sendo superado polos Distritos 1 e 2) debido á elevada presenza de ameazas (é o distrito co maior número de ameazas).

As deficiencias máis notábeis son :

FRAQUEZAS

Presenta un nivel de servizos básicos inferior á media municipal en 8/9 dos parámetros analisados: zonas verdes públicas (parques, prazas e espazos públicos), servizos públicos de saúde (ambulatorios, hospitais, centros de saúde), paradas de transportes públicos, escolas e centros de ensino obrigatorio, comercios e puntos de venda de alimentación, puntos de recolla selectiva de residuos e entidades financeiras (bancos ou caixas). Trátase do Distrito con maior número de servizos básicos cun nivel inferior á media municipal.

Experimenta unha diminución do grao de satisfacción (0,5%) de “Vigo como un lugar para vivir e traballar” durante o período de 2003-2009.

Canto ao consumo de produtos que promoven a sustentabilidade, ten o valor máis baixo do grao de importancia do ambiente para facer a compra, ten un valor baixo no grao de coñecemento dos produtos que promoven a sustentabilidade, aínda que sexa o valor máis elevado de todos os distritos e ten o valor máis baixo do grao de presenza de algúns produtos ecolóxicos.

As ameazas máis significativas son :

AMEAZAS

Diminúen as viaxes diarias ás compras diarias, traballo, centro de ensino e lecer semanal no período de 2003-2009.

A distancia media para o traballo, lecer de fin de semana e semanal, centro de ensino aumentou no período de 2003-2009.

○ O uso de medio de transporte non motorizado para o traballo, compras diarias e lecer semanal diminuíu no período de 2003-2009.

○ O uso do transporte privado para o centro de ensino, lecer semanal e compras diarias aumentou no período de 2003-2009.

○ O uso do transporte público para as compras diarias, centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana diminuíu no período de 2003-2009.

○ O uso do transporte privado e para viaxes sistemáticas e non sistemáticas aumentou no período de 2003-2009.

As viaxes a pé e en transporte escolar como modos de transporte para a escola diminuíron durante o período de 2003-2009.

As viaxes en automóbil particular como medio de transporte para a escola aumentaron durante o período de 2003-2009.

As razóns para usar o automóbil particular para a escola que aumentan no período de 2003-2009 son a falta de tempo e condicións meteorolóxicas.


Riscos:

Posúe un dos máis altos valores polo número de riscos (apenas superado polo Distrito 1) debido ao elevado número de ameazas.

Desafíos:

Presenta un dos menores valores polo número de desafíos debido ao baixo número de fraquezas e oportunidades presentadas.

DISTRITO 8



Comentarios:

Potencialidades:

Ten un dos máis altos valores polo número de potencialidades dada a elevada presenza de oportunidades. Os distritos 8 e 9 son os que máis oportunidades de mellora posúen.

As forzas máis notábeis son :

FORZAS

Aumento da satisfacción dos seguintes parámetros para o período 2003-2009: zonas verdes, de lecer e esparecemento, entorno litoral e praias, porto da cidade, calidade do espazo construído, servizos sociais e de saúde, dotación de centros educativos e calidade do ensino e seguranza pública.

As oportunidades máis significativas son :

OPORTUNIDADES

Recuou a distancia media para as compras diarias, lecer semanal e de fin de semana no período de 2003-2009.

O uso do transporte privado para o centro de ensino, compras diarias, lecer semanal e de fin de semana diminuiu no período de 2003-2009.

A utilización do transporte público para o centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana aumentou no período de 2003-2009.

O uso de transporte non motorizado para viaxes sistemáticas e non sistemáticas aumentou no período de 2003-2009.

O uso do transporte privado nas viaxes sistemáticas e non sistemáticas diminuiu no período de 2003-2009.

O uso do transporte público en viaxes sistemáticas e non sistemáticas aumenta no período de 2003-2009.

As viaxes en automóbil particular como medio de transporte para a escola diminúe durante o período de 2003-2009.

A viaxe en transporte escolar como un modo de transporte para a escola aumenta durante o período de 2003-2009.

Advertencias:

Posúe un dos menores valores polo número de advertencias debido á baixa presenza de fraquezas e ameazas

As deficiencias máis notábeis son :

FRAQUEZAS

Posúe un nivel de servizos básicos inferior á media municipal en 8/9 parámetros analizados.

Experimenta un descenso do nivel de satisfacción de 15,1% de "Vigo como un lugar para vivir e traballar" durante o período de 2003-2009. É a peor evolución de todos os distritos.

Diminuíu a satisfacción cos seguintes parámetros no período de 2003-2009: oportunidades de emprego, accesibilidade e calidade da vivenda, oportunidades de participación local, limpeza e recolla de lixo, servizos culturais, recreativos e de lecer, servizos públicos de transporte e mobilidade e tránsito.

Canto ao consumo de produtos que promoven a sustentabilidade, posúe o valor máis baixo do grao de importancia do medio ambiente para facer a compra de todos os distritos, ten un valor baixo no grao de coñecemento dos produtos que promoven a sustentabilidade e presenta o menor valor pola presenza dalgún grao de produtos ecolóxicos de todos os distritos.

No que respecta ás boas prácticas ambientais, na xeración de residuos ten unha taxa baixa frecuencia de actuacións responsábeis, noutros tipos de consumo ten a menor frecuencia de prácticas responsábeis e presenta un baixo grao de consciencia ambiental.

As ameazas máis significativas son :

AMEAZAS

As viaxes diarias para as compras dirarias, traballo, centro de ensino e lecer semanal recúan no período de 2003-2009.

O tempo medio por viaxe para o traballo, centro de ensino e lecer no fin de semana aumenta no período de 2003-2009.

○ uso de transporte non motorizado para o centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana diminuíu no período de 2003-2009.

○ modo de transporte a pé para a escola diminuíu durante o período de 2003-2009. A principal razón para usar o automóbil particular para a escola que aumenta no período de 2003-2009 é a falta de tempo.


Riscos:

Presenta o valor máis baixo polo número de riscos debido ao baixo número de forzas.

Desafíos:

Manifesta un dos máis altos valores polo número de desafíos (só sendo superado polo Distrito 1) debido á elevada cantidade de oportunidades presentadas.

DISTRITO 9



Comentarios:

Potencialidades:

Presenta o maior valor polo número de potencialidades, debido á presenza elevada de oportunidades. Os distritos de 8 e 9 son os que máis oportunidades presentan.

As forzas máis notábeis son :

FORZAS

Posúe un nivel de servizos básicos superior á media municipal en 8/9 parámetros analizados: zonas verdes públicas (parques, prazas ou espazos públicos), servizos de saúde pública (ambulatorios, hospitais e centros de saúde), paradas de transportes públicos, escolas e centros de ensino obrigatorio, comercios e puntos de venda de alimentación, centros cívico-sociais, puntos de recolla selectiva de residuos, entidades financeiras (bancos e caixas) e espazos deportivos.

Rexistra un aumento no grao de satisfacción (15%) de "Vigo como un lugar para vivir e traballar" durante o período de 2003-2009.

Aumento da satisfacción dos seguintes parámetros para o período 2003-2009: zonas verdes, lecer e esparecemento, entorno litoral e praias, porto da cidade, servizos de limpeza e recolla de lixo, calidade do espazo construído, servizos sociais e de saúde, servizos culturais, recreativos e de lecer, dotación de centros educativos e calidade do ensino, servizos públicos de transporte e as oportunidades de participación local. Presenta un aumento no 71,43% de parámetros estudados.

Canto ao consumo de produtos que promoven a sustentabilidade presenta un elevado valor no grao de influencia dos hábitos de consumo dos cidadáns no ambiente, ten o valor máis elevado no grao de preocupación co ambiente, ten o valor máis elevado no grao de importancia do ambiente para facer a compra e presenta o

valor máis elevado do grao de presenza de algúns produtos ecolóxicos de todos os distritos.

No que di a respecto das boas prácticas ambientais: no consumo de auga, de enerxía e xeración de residuos presenta unha taxa elevada frecuencia de accións responsábeis. Tamén presenta un elevado valor sobre o grao de conscientización ambiental.

As oportunidades máis significativas son:

OPORTUNIDADES

○ tempo medio da viaxe para ir ás compras diarias, traballo, centro de ensino, lecer de fin de semana e semanal diminúe no período de 2003-2009.

○ uso de medio de transporte non motorizado para ir ás compras diarios, lecer de fin de semana, lecer semanal e traballo aumenta no período de 2003-2009.

○ uso do transporte privado para ir ao centro de ensino, lecer semanal, compras diarias, traballo e lecer de fin de semana aumenta no período de 2003-2009.

A utilización dos transportes públicos para ir ao centro de ensino, lecer semanal e de fin de semana aumenta no período de 2003-2009.

○ uso de medio de transporte non motorizado e do transporte público en viaxes sistemáticas e non sistemáticas aumentou no período de 2003-2009.

○ uso do transporte privado nas viaxes sistemáticas e non sistemáticas diminuíu no período de 2003-2009.

As viaxes en automóbil particular como medio de transporte para a escola diminuíu durante o período de 2003-2009.

A viaxe en transporte escolar como un modo de transporte para a escola aumenta durante o período de 2003-2009.

Advertencias:

Presenta o menor número de advertencias debido á baixa presenza de fraquezas e ameazas.

As deficiencias máis notábeis son :

FRAQUEZAS

Diminución da satisfacción cos seguintes parámetros no período de 2003-2009 en: oportunidades de emprego, accesibilidade e calidade da vivenda, mobilidade e tránsito e seguranza pública.

As ameazas máis significativas son :

AMEAZAS

As viaxes ás compras diarias, traballo, centro de ensino e lecer semanal diminuíron no período de 2003-2009.

A distancia media para o traballo, compras diarias, lecer semanal e de fin de semana aumenta no período de 2003-2009.

As viaxes a pé para a escola diminuíron durante o período de 2003-2009.

A principal razón para usar o automóbil particular para a escola que aumenta no período de 2003-2009 é a seguranza.

Riscos:

Presenta un dos menores valores polo número de riscos dado o baixo número de ameazas.


Desafíos:

Presenta o menor valor polo número de desafíos debido ao baixo número de fraquezas presentadas.

3. CONCLUSIÓNS


DISTRIBUCIÓN DE FORZAS

- Disponibilidade de servizos
- Grao de satisfacción
- Consumo de produtos sustentábeis
- Boas prácticas ambientais




DISTRIBUCIÓN DE FRAQUEZAS

- Disponibilidade de servizos
- Grao de satisfacción
- Consumo de produtos sustentábeis
- Boas prácticas ambientais
- Contaminación acústica




DISTRIBUCIÓN DE OPORTUNIDADES

- Mobilidade local
- Transporte escolar




DISTRIBUCIÓN DE AMEAZAS

- Mobilidade local
- Transporte escolar




DISTRIBUCIÓN DE POTENCIALIDADES (FORZAS + OPORTUNIDADES)

- Disponibilidade de servizos
- Grao de satisfacción
- Consumo de produtos sustentábeis
- Boas prácticas ambientais
- Mobilidade local
- Transporte escolar




DISTRIBUCIÓN DE ADVERTENCIAS (FRAQUEZAS + AMEZAS)

- Disponibilidade de servizos
- Grao de satisfacción
- Consumo de produtos sustentábeis
- Boas prácticas ambientais
- Mobilidade local
- Transporte escolar
- Contaminación acústica




DISTRIBUCIÓN DE RISCOS (FORZAS + AMEZAS)

- Disponibilidade de servizos
- Grao de satisfacción
- Consumo de produtos sustentábeis
- Boas prácticas ambientais
- Mobilidade local
- Transporte escolar



DISTRIBUCIÓN DE DESAFÍOS (FRAQUEZAS + OPORTUNIDADES)

- Disponibilidade de servizos
- Grao de satisfacción
- Consumo de produtos sustentábeis
- Boas prácticas ambientais
- Mobilidade local
- Transporte escolar
- Contaminación acústica



3.1 CONSOLIDAR/EXPLOTAR FORZAS

Disponibilidade de servizos

Distrito 2, Distrito 3, Distrito 5, Distrito 6, Distrito 8 e Distrito 9.

Grao de satisfacción cidadá

Distrito 2, Distrito 3, Distrito 4, Distrito 5, Distrito 7 e Distrito 9.

3.2 MINIMIZAR/DETER FRAQUEZAS:

Contaminación Acústica

Distrito 1, Distrito 2, Distrito 3, Distrito 4 e Distrito 6.

Consumo de produtos que promoven a sustentabilidade

Distrito 1, Distrito 2, Distrito 3, Distrito 4, Distrito 5, Distrito 6, Distrito 7 e Distrito 8.

Boas prácticas ambientais

Distrito 1, Distrito 2, Distrito 3, Distrito 4, Distrito 5, Distrito 7 e Distrito 8.

3.3 REDUCIR/ELIMINAR AMEAZAS:

Mobilidade local

Distrito 2, Distrito 3, Distrito 4 e Distrito 7.

Transporte escolar

Distrito 1, Distrito 2, Distrito 3, Distrito 4, Distrito 5 e Distrito 7.

3.4 APROVEITAR OPORTUNIDADES:

Mobilidade local

Distrito 1, Distrito 5, Distrito 6, Distrito 8 e Distrito 9.

Transporte escolar

Distrito 6, Distrito 8 e Distrito 9.

Esta análise DAFO aplicada ao estado dos barrios e parroquias, no ámbito da actual definición dos Distritos Censuais existentes en Vigo, é considerada un paso para que a Administración local poda presentar unha proposta que permita a descentralización administrativa, promover o equilibrio territorial e social no dominio da sustentabilidade,

mellorar a participación cidadán e unha maior eficiencia no funcionamento dos servizos públicos.

Esta análise situou zonas do municipio con características semellantes e necesidades que xustifican a implementación de políticas comúns.

BIBLIOGRAFÍA

“Niveis de satisfacción dos cidadáns de Vigo coa súa comunidade local”. Ed Valedor do Cidadán. *Vigo (2003)*.

“Satisfacción de la ciudadanía con su comunidad local. Aplicación al municipio de Vigo”. Ed. Valedor do Cidadán. *Vigo (2007)*.

“Niveles de satisfacción de la ciudadanía con su comunidad local” Estudio aplicado al municipio de Vigo y comparado con otras ciudades europeas. Ed. Valedor do Cidadán e Concello de Vigo. *Vigo (2009)*.

“Hábitos de consumo sobre enerxía, auga, xeración de residuos e produtos que fomentan a sustentabilidade da cidadanía viguesa”. Ed. Valedor do Cidadán. *Vigo (2007)*.

“As accesibilidades aos aparcamentos en espacios libres e aos servizos básicos: Factores da mobilidade na cidade de Vigo”. Ed. Valedor do Cidadán. *Vigo (2004)*.

“Mobilidade local e transporte de viaxeiros no municipio de Vigo”, Ed. Valedor do Cidadán. *Vigo (2007)*.

“La movilidad local. Indicadores Comunes Europeos de Sostenibilidad A3 y B6. Aplicación al municipio de Vigo y comparación con otras ciudades europeas”. Ed. Valedor do Cidadán e Concello de Vigo *(2009)*.

“El ruido de tráfico rodado en la Ciudad de Vigo”. Ed. Consorcio Zona Franca de Vigo, Universidade de Vigo e Concello de Vigo *(2004)*.

“A contaminación acústica nocturna na cidade de Vigo” Ed. Valedor do Cidadán, Universidade de Vigo *(2006)*.

“Percepción social do fenómeno do botellón. Aplicación ao municipoi de Vigo”. Ed. Valedor do Cidadán e Concello de Vigo. *Vigo (2008)*.

Informacións extraídas do **Avance do Plan Xeral de Ordenamento Municipal (PXOM)**. Ed. Concello de Vigo *(2002)*.